



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de oficial de obras

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 52/2025, de data 22.01.2025, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE OFICIAL DE OBRAS INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2021, MEDIANTE O SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

EXPEDIENTE: 2024/E001/000024; 2025/G003/000016

Por Resolución da Alcaldía núm. 1293/2024 do 04.10.2024 aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de oficial de obras, incluída na OEP do ano 2021, mediante o sistema selectivo de concurso-oposición.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP núm. 196 do 10.10.2024); a rectificación das citadas bases publicouse no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP núm. 206 do 24.10.2024); así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOGA núm. 232, do 02.12.2024 e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE núm. 303, do 17.12.2024). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 06.01.2025, incluído.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, consonte o disposto na base sétima das reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas que se relaciona a continuación:

PERSOAS ADMITIDAS:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	CELGA 3 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	Pico Feal, Victor Manuel	***8387**	NON	Non achega CELGA 3, polo que terá que facer proba de galego de non aportalo no prazo de emendas.

PERSOAS EXCLUÍDAS: Non constan

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas aspirantes poida emendar a documentación presentada, de acordo coa base sétima e co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 23.01.2025 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.